

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 12 de marzo de 2007

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta e cinco minutos do día doce de marzo de dous mil sete e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(382).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 19 de febreiro de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(383).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 77/06 INTERPOSTO POR D^a. M^a. ANGELES MURGUIA MARCOS CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 14.12.06, dictada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que dispón o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de María Angeles Murguía Marcos no preceso abreviado número 77/06, polo que declaro o acto obxecto de recurso contrario a Dereito, sen pronunciamiento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico.

3(384).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 513/2006 INTERPOSTO POR D. ROBERTO FIGUEROA PÉREZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 28.12.06, dictado polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que dispón o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo integramento a demanda formulada por Rosa Camba García, en nome e representación de Roberto Figueroa Pérez, contra a desestimación presunta da reclamación formulada polo actor o día 13 de xuño de 2005, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

4(385).- SENTENZA DO TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 7015/2006 INTERPOSTO POR GESTRAVISA S.A. EN RELACIÓN CO PAGO DO IBI 1990-1996 DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES DE VIGO. ESTIMADO EN PARTE.

Dáse conta da sentenza de data 18.12.06, dictado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que dispón o seguinte:

Que estimamos en parte o recurso de apelación formulado por Gestión de Estaciones e Transportes de Viajeros S.A. contra a sentenza procedente do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, de data 21.02.06, que declarou a inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo nº 104/04, que formulará a entidade apelante contra a resolución do tesoureiro do Concello de Vigo, de data 26.01.04, desestimatoria do recurso de reposición interposto contra resolución do xefe da Unidade de Recadación executiva, de data 12.09.03, pola que se requería á apelante o pagamento e ingreso en conta do Imposto sobre bens inmobles (en adelante, IBI), referido á estación de Autobuses de Vigo (exercizos 1990 a 1996), con advertencia de execución do aval bancario previamente establecido e en consecuencia revogamos a sentenza apelada en canto inadmitiú indebidamente dito recurso contencioso-administrativo, e entrando no fondo, o desestimamos, sen facer especial pronunciamento en canto ás custas causadas en ambas instancias.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza do que deberá darse conta ó Servizo de Tributos e a Recadación Executiva.

5(386).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 550/2006 INTERPOSTO POR D^a. PILAR BALEIRO GONZÁLEZ CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. DESESTIMADO O RECURSO.

Dáse conta da sentenza de data 9.02.07, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que dispón o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo a demanda formulada por Carina Zuberdiá Blein en nome e representación de Pilar Valeiro González contra a resolución de 17.07.06 da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, pola que se desestimou o recurso de reposición interposto pola actora contra a desestimación por resolución de 6.06.06 da reclamación de responsabilidade patrimonial por los danos e

perdas sufridos como consecuencia dunha caída padecida na vía pública o día 11.09.01, á altura do número 39 a rúa Doctor Cadaval, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza do que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio.

6(387).- SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 228/06 INTERPOSTO POR Dª Mª DE LA O FEIJOO REGUEIRO CONTRA RESOLUCIÓN DE EXPTE. SANCIONADOR DE TRÁFICO.DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 15.02.07, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que dispón o seguinte:

Que debía acordar e acordaba ter ó letrado Abraham Tenoira Reina en nome e representación de María de la O Feijoo Regueiro, por apartado e desistido na prosecución do presente procedemento. Sen custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto do que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico e Recadación municipal.

7(388).- AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 216/06 INTERPOSTO POR D. LUIS FERNÁNDEZ SEIJO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 15.02.07, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que dispón o seguinte:

Que debía acordar e acordaba ter ó letrado Abraham Tenoira Reina en nome e representación de Luis Fernández Seijo, por apartado e desistido na prosecución do presente procedemento. Sen custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto do que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico e Recadación municipal.

8(389).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Conceder a prestación do Servizo de axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D. Faustino Reijas Martínez. Expte. 4/1294.
- D. Victoriano Pardo Fernández. Expte. 4/1108.
- Dª. Inés Graciela Pacha Echeverría. Expte. 4/1643.
- D. Jaime López Raño. Expte. 4/1610.
- Dª. Esther Balóira Canda. Expte. 4/1290.
- Dª. Pilar Collazo Yáñez. Expte. 22/1972.
- D. José Serrano Conde. Expte. 22/1983.
- Dª. Rosa Román Pérez. Expte. 23/1040.
- Dª. Genoveva Saco Pérez. Expte. 2/1250.

b) Denegar a prestación do Servizo de axuda no fogar á D^a Lucinda Cayetano Rivero. Expte. 1/1931.

9(390).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONES PARA MELLORA DAS CONDICIONES DE HABITABILIDADE DAS VIVENDAS- AÑO 2007, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL. EXPTE. 20226/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da traballadora social, do 16.02.07, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A política de vivenda constitúe uns dos principais elementos dunha política de benestar. As Diputacións Provinciais sensibilizadas cos colectivos máis desfavorecidos, queren contribuir a facer realidade o dereito de todos os cidadáns a unha vivenda digna, recoñecido no artigo 47 da Constitución Española de 1978, por isto en colaboración co Concello de Vigo convocanse axudas para acondicionamento de vivendas con destino a familias con problemática socio-económica.

Dende Benestar Social atopámonos con familias que contan cunha problemática importantísima de infravivenda. Este departamento debe procurar unha solución inmediata á emerxencia social, pois resulta impensable o vivir nun lugar que reúna as mínimas condicións. Cóntase cun número elevado de infravivenda, é dicir, aquelas vivendas que sendo definidas como tales, carecen de saneamentos mínimos ou posúen unhas condicións de habitabilidade moi deficientes, con risco para os seus ocupantes. Isto vai unido xeralmente a persoas de idade avanzada, con minusvalías físicas ou psíquicas, familias monoparentais, etc., con recursos económicos insuficientes para poder vivir. Os ingresos cos que contan estas familias son xeralmente prestacións públicas, RISGAS, pensións non contributivas, sendo o importe das mesmas mínimo para poder facer fronte as súas necesidades diarias.

A Deputación Provincial de Pontevedra aprobou as bases reguladoras das subvencións para mellora das condicións de habitabilidade das vivendas, ano 2007, tendo por obxecto establecer para este ano, en réxime de concurrencia competitiva por parte da Deputación Provincial de Pontevedra axudas únicas ou complementarias para a mellora da habitabilidade da vivenda, compatibilizando con outras axudas e colaborando cos gastos que ocasionen as reformas, adaptacións, reparacións e acondicionamento da mesma.

Poderán solicitar estas axudas, os Concellos da Provincia que acorden asumir as Bases, como entidades colaboradoras, para os seus beneficiarios que reúnan os requisitos establecidos nas mesmas.

Tralo exposto anteriormente PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTAR O SEGUINTE ACORDO:

1º.- Aceptar as Bases reguladoras en réxime de concurrencia competitiva da convocatoria para a concesión de axudas únicas e complementarias para a mellora das condicións de habitabilidade da vivenda, ano 2007, publicadas no BOP nº 28, de 8 de febreiro de 2007, sendo a cantidade a aportar polo Concello de Vigo de 7.437,75 €.

2º.- Autorizar o gasto de 14.875,50 € con cargo á partida 4800000 do funcional 3130, RC 200700003119.

3º.- Unha vez adxudicadas as axudas e realizado o gasto correspondente solicitaranse á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra o 50% do dito gasto.

4º.- Aprobado o prazo para a presentación das solicitudes no Concello de Vigo dende o 19 ata o 30 de marzo de 2007.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(391).- SOLICITUDE DO CLUB CARPA DE PATINAXE PARA ORGANIZAR O VINDEIRO DÍA 16.03.07 UNHA EXHIBICIÓN DE PATINAXE NA BEIRARRÚA DA PRAZA AMÉRICA-AVDA. CASTELAO. EXPTE. 6883/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 5.03.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao CLUB CARPA DE PATINAXE., a organizar o vindeiro día 16 de marzo de 2007, unha exhibición de patinaxe na beirarrúa situada entre a praza de América e o comezo da Avenida de Castela, en horario de 19,30 a 20,30 horas.

11(392).- SOLICITUDE DA SOCIEDADE DEPORTIVA ATLETISMO SAN MIGUEL DE OIA PARA ORGANIZAR O 18.03.07 O XXX TROFEO DE CAMPO A TRAVÉS NO PARQUE FORESTAL DE OIA. EXPTE. 6895/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 5.03.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Sociedade Deportiva Atletismo San Miguel de Oia, a organizar o vindeiro 18 de marzo de 2007, o XXX Trofeo de Campo a Través, no Parque Forestal de Oia, entre as 10.00 horas e as 13.30 horas.

12(393).- XESTIÓN DIRECTA POLOS CONSELLOS ESCOLARES DO PRESUPOSTO MUNICIPAL DE MANTEMENTO ORDINARIO DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VIGO. EXPTE. 8285/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Departamento de Educación, do 15.01.07, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, que di o seguinte:

O mantemento, conservación e reparación dos colexios públicos de E.P. e E.I. de Vigo é competencia e responsabilidade do Concello, segundo se recolle na Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (Art.25, Parágrafo 2)

Como en anos anteriores, co criterio de acadar unha maior economía, axilidade e operatividade e para potenciar a maior participación dos consellos escolares na conservación dos colexios públicos, a Concellería da Área de Asuntos Sociais, de acordo cos representantes da Asemblea de directores e directoras dos colexios públicos, desenvolve o presente expediente de AUTOXESTIÓN correspondente ó ano 2007.

A xestión directa polos consellos escolares dos centros de E.P. e E.I. é un sistema polo cal o Concello entrega ós mesmos unha parte da partida económica correspondente, para que poidan acometer as obras de mantemento, conservación, reparación e seguridade no seu centro. Interesa recalcar, como concepto vertebrador da autoxestión, que as obras de mantemento que o centro debe afrontar inclúen o MANTENIMENTO PREVENTIVO dos elementos (sobre todo dos estruturais, por cuestións de seguridade) que sexan susceptibles de incluírse en tal concepto. Ex.: columnas e vigas metálicas, peches, tellados, etc.

O mantemento e reparación dos colexios públicos pode ser realizado por:

- O Departamento de Educación.
- O Consello Escolar do Centro, mediante o sistema de AUTOXESTIÓN.

Determinanse as obras que debe realiza-lo Concello e as que debe afronta-lo Consello Escolar do Centro do seguinte xeito:

- a) O Departamento de Educación realizará as obras de mantemento e conservación que necesiten de proxecto técnico, así como as reparacións das vivendas dos porteiros.
- b) Os centros escolares afrontarán o mantemento, conservación e reparación que non precisen de proxecto.
- c) Pode suceder que, ó longo do ano, un determinado centro escolar esgote o seu presuposto de autoxestión e non poda facer fronte ó mantemento que lle correspondería; neste caso, xustificadas tódolos gastos, o Departamento de Educación asumirá ata remata-lo ano o mantemento que debería face-lo consello Escolar do Centro correspondente.

Co presuposto para o ano 2007, prórrogase o programa de autoxestión directa polos Consellos Escolares, Euros co incremento do 3,8% de IPC acumulado dende decembro 2005/2006 = euros.

Destinanse á autoxestión () que se repartirán segundo o baremo aprobado no seu día pola Asemblea de Directores (que figura no apartado SETIMO deste programa). Para determinar exactamente o monto que corresponde a cada colexio faise un cálculo dos puntos que corresponden a cada centro e o equivalente en euros (cadro anexo).

Por todo o anteriormente exposto, sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA

PRIMEIRO.- Destina-la cantidade de () para o ano 2007, para ser xestionada directamente polos consellos escolares de cada centro público de educación infantil e primaria, para atender as reparacións ordinarias dos mesmos:

- alarmas
- xardinería
- limpeza non contratada
- baleirado de fosas
- carpintería
- fontanería
- pintura
- soldadura
- albanelería
- limpeza de depósitos de auga, etc.

En xeral, todos os traballos de mantemento dos centros que non precisen de proxecto técnico, consonte coas consideracións que se especifican no punto 5 desta proposta.

SEGUNDO.- *Esta cantidade distribuirase en cada colexio seguindo o procedemento que se indica no apartado 7) desta proposta e que queda reflectido no cadro anexo.*

TERCEIRO.- *O Concello entregará á dirección de cada colexio a cantidade asignada en dúas partes iguais. A primeira no mes de MARZO; e a segunda e última no mes de XULLO.*

A fin de comprobar que o gasto efectuado corresponde ó capítulo de mantemento dos colexios, e non a outro, o Concello poderá solicita-la pertinente certificación do consello escolar de centro cando sexa necesario.

De tódolos xeitos, cada consello escolar deberá presentar no Departamento de Educación Municipal, a xustificación dos gastos efectuados, xunto coa certificación da súa aprobación polo citado órgano colexiado. Esta certificación deberá recibirse no Departamento de Educación dentro da primeira quincena do mes de xaneiro de cada ano.

A tal efecto farase, polo menos, unha reunión específica da comisión económica na última quincena do mes de decembro para preparar para o consello escolar a xustificación e facturas dos gastos de autoxestión.

CUARTO.- *As contías entregadas destinaranse ó mantemento ordinario e mantemento preventivo, tanto no referido á merca dos materiais necesarios (cristais, bombillas, peches, apliques...), como ó pagamento das facturas por man de obra e servizos de empresas competentes nas materias obxecto do gasto legalmente establecidas.*

QUINTO.-

- a) Prohíbese expresamente, baixo a responsabilidade da dirección do centro, a realización de obras de mellora, reforma ou ampliación que suporían modificación na distribución da estrutura dos edificios, así como aquelas reparacións que afecten ás instalacións da calefacción central, gas e instalacións eléctricas e as que poidan supoñer ponteio, modificación ou sobrecarga das liñas ou demais elementos.
Sen embargo, a substitución de elementos eléctricos como bombillas, lámparas, cebadores, resistencias, etc., sí que entran no concepto de AUTOXESTIÓN e deberán ser realizados polo centro.*
- b) A partires da data de efectividade deste acordo non se admitirá por parte dos servizos municipais ningunha proposta de actuación dos mesmos, nin gastos algúns que se atopen incluídos nos autorizados a realizar directamente polos directores/as dos centros. Todas as reparacións a efectuar nos colexios que non poidan ser comprendidas nos termos deste acordo, deberán ser solicitadas por escrito ó Departamento de Educación, que actuará, asimesmo, en caso de emerxencias, ou grandes avarías (a lei define claramente cales son as emerxencias e as grandes avarías), así como nos casos nos que os colexios non teñen recursos suficientes para afrontalos cunha programación plurianual e por fases.*
- c) O Concello resérvase a capacidade de rescindir unilateralmente este acordo cun colexio determinado, no caso de incumprimento dalgún dos seus apartados.*
- d) O mantemento e operatividade do sistema de alarmas en perfecto funcionamento é responsabilidade do centro, incluso nos casos nos que se queimen por tormentas ou noutras circunstancias extraordinarias semellantes.*
- e) O mantemento de pararraios onde os haxa tamén será obriga do centro.*

SEXTO.- Dada as diferencias que existen entre uns colexios e outros, a fin de evitar un progresivo distanciamento da calidade entre os centros, controlarase estrictamente o uso das cantidades asignadas. Este control realizarase por medio do persoal técnico do Departamento de Educación e polos mecanismos propios da intervención municipal e os procedementos ordinarios de inspección de contas previstos na lexislación vixente.

SÉTIMO.- Para a distribución do presuposto xeral previsto, de acordo coa proposta do órgano de representación dos/das directores/as de todos os colexios públicos de Vigo, asignarase a cada colexio un número de puntos, resultante da aplicación do seguinte

BAREMO:

* por cada unidade escolar	15 puntos
* por cada 50 alumnos/as ou fracción	15 puntos
* antigüidade: por cada ano (sen límite).....	2 puntos
* por cada 1.000 m2. de superficie do recinto escolar	5 puntos
* por non ter porteiro	40 puntos
* por ter porteiro que presta servizo noutro servizo mpal.....	20 puntos
* por ter servizo de comedor (sobre situación ano 2003) ...	20 puntos
* ximnasio en edificio aparte	20 puntos
Colexios Plan Urgencia (Rf)	30 puntos

OITAVO.- O mantemento das vivendas dos porteiros-vixiantes non está incluído na autoxestión.

NOVENO.- Fíxase unha compensación económica equivalente a 40 puntos, a maiores da autoxestión, para compensar as baixas de máis de seis meses dos porteiros-vixilantes, previa petición escrita do centro antes do 31 de decembro do ano no que aquela se producise.

DECIMO.- En atención ás especiais características do Centro de Educación Permanente de Adultos/as non son de aplicación as puntuacións:

-por terreos.

-por alumnado: neste caso puntuarase con 15 puntos cada cen alumnos ou fracción.

DECIMO –PRIMEIRO.-

As reclamacións terán efecto no ano seguinte e deberán solicitarse ao Servizo de Educación mediante escrito e presentando os correspondentes xustificantes.

DECIMO-SEGUNDO.-

O Servizo de Educación cursará as órdenes oportunas á Intervención para o ingreso das cantidades correspondentes a cada colexio acollido ó sistema de AUTOXESTIÓN.-

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(394).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE OS MES DE FEBREIRO DE 2007. EXPTE. 2148/335.

Mediante providencia do 1.03.07 o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, en cumprimento do establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, dá conta da relación de expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Festas e Animación Sociocultural durante o mes de febreiro de 2007, que son os seguinte:

EXPTE. 2128/335. RESERVA DE CRÉDITO PARA ATENDER OS GASTOS VARIOS OU IMPREVISTOS DERIVADOS DA ORGANIZACIÓN DO ENTROIDO 2007.
DECRETO DO PRIMEIRO TENIENTE DE ALCALDE DATA: 01-02-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 3987
ADXUDICATARIO: VARIOS
IMPORTE: 8.000,00 €

EXPTE. 2134/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE, DESMONTAXE E TRANSPORTE DE ESTRUCTURAS PARA AS ACTIVIDADES DO ENTROIDO 2007.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 09-02-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 6449
ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.
IMPORTE: 7.968,65 €

EXPTE. 2133/335. CONTRATACIÓN ACTUACIÓNS DO GRUPO PRINCIPAL DA EMD DURANTE O EXERCICIO 2007.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 16-02-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 6652
ADXUDICATARIO: WENCESLAO CABEZAS DEL TORO
IMPORTE: 9.000,00 €

A Xunta de Goberno local queda enterada.

14(395).- PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE Ó MES DE XANEIRO DE 2007. EXPTE. 17088/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1.03.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 14.02.07, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados como palistas no Parque Móbil corresponde aboar a don Antonio Amoedo García que figura na relación adxunta no expediente e que ascende a un total de 17'40 € (DEZASETE EUROS CON COARENTA CÉNTIMOS), correspondente o mes de XANEIRO de 2007 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

15(396).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN SOBRE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL- FEBREIRO 2007. EXPTE. 17132/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 2.03.07, que di o seguinte:

Consonte á instrucción cuarta, apartado f) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente para o presente exercicio, en concordancia coa Disposición Transitoria 6ª.1 do vixente Acordo Regulador, aprobado polo Pleno da corporación en sesión de 28 de decembro de 1998, aboarase con cargo a gratificacións por servizos extraordinarios o exceso de xornada estrutural anual do persoal adscrito ó servizo de extinción de incendios e salvamento, sen prexuízo da parte que se lle incluíu no complemento específico.

De conformidade co acordo adoptado pola Xunta de goberno local en sesión de 19 de abril de 2004, a xornada estrutural do SEIS quedou establecida en 219 horas anuais, como consecuencia da redistribución do réxime de quendas aprobado en dito acordo, respetándose nembargantes o réxime retributivo e importes vixentes.

Consecuentemente, o importe mensual destas gratificacións resulta, segundo categoría, o seguinte :

Bombeiro e Conductor-Bombeiro.....	257,16 €
Cabo.....	272'31 €
Sarxento Xefe de Turno.....	310'83 €
Sarxento Xefe de Parque.....	335,53 €
Suboficial / Oficial.....	341,49 €

As cantidades vixentes para este ano resultan de aplicar sobre as cantidades correspondentes o ano 2006, o incremento do 2% do IPC correspondente o exercicio 2007, previstos nas Leis de presupostos do Estado para o exercicio de 2007, respectivamente.

Nesta orde de antecedentes, o abono deste complemento retributivo queda suxeito ós seguintes presupostos de asignación :

Que se realice unha xornada en exceso sobre as normais de 219 horas/ano. No caso contrario reducirase na parte proporcional que corresponda.

Por cada día de ausencia ó traballo descontarase, segundo a categoría profesional, a parte proporcional resultante dos importes mensuais percibidos polo persoal do servizo de Extinción de Incendios en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios por dito exceso de xornada.

Por isto e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, a Xefa da Unidade de Persoal propón o primeiro tenente de alcalde, a aprobación da seguinte

PROPOSTA:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servizo de Extinción de Incendios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de FEBREIRO-2007, por un total de 31.748'04 €(TRINTA E UN MIL SETECENTOS COARENTA E OITO EUROS CON CATRO CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIONES.”

O 2.03.07, o primeiro tenente de alcalde resolve de conformidade o precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

16(397).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DAS FINCAS NON INCORPORADAS Á XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO 3 DO PERI IV-01 SAN ROQUE A. EXPTE. 197/413.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 1.03.07, conformado polo xefe da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

En data 28.06.2004 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior "IV-01 San Roque" (exp. 8159/411). As súas normas e ordenanzas publicáronse no BOP 164, do 25/08/2004.

No día 06.10.2005 constituíuse a Xunta de Compensación do polígono 3 do devandito PERI mediante Escritura Pública outorgada perante o notario de Vigo D. José Antonio Rodríguez González, co núm. 3077 do seu protocolo. No 24/10/2005 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar dita constitución (expte. 4628/401). Foi inscrita no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras por Resolución do 26.01.2006 do Director Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia.

En data 20.02.2006 o representante da Xunta de Compensación do devandito polígono presentou nesta Administración municipal un proxecto de expropiación por taxación conxunta das fincas non incorporadas, solicitando a súa tramitación e aprobación.

No 27.03.2006 o Director adxunto de xestión e planeamento municipal emitiu un Informe sobre o mentado proxecto de expropiación. No 30.03.2006 o técnico de administración xeral de Planeamento emitiu Informe xurídico e proposta de resolución.

En data 10.04/2006 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o proxecto de expropiación por taxación conxunta. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación de anuncios no xornal Faro de Vigo do 19.05.2006 e no DOG núm. 98, do 24/05/2006 e notificación individualizada aos interesados.

Durante dito período interpuxéronse oito escritos de alegacións, subscritos, respectivamente, pola Xunta de Compensación do polígono (30.05.2006, doc. 60059421), D^a Josefa Villegas Fernández e outros (26.06.2006, doc. 60070378), D. Carlos Martínez Estévez (27.06.2006, doc. 60071065), D^a Sofía González Martínez (24.07.2006, doc. 60081034), D^a Ofelia Groba González (28.08.2006, doc. 60090670), D^a Apolinaria Martínez Márquez (28.08.2006, doc. 60090671), D^a Placeres González Martínez (28.08.2006, doc. 60090674) e D^a Carmen Martínez Márquez (28.08.2006, doc. 60090676).

Déuselle traslado dunha copia das referidas alegacións á Xunta de Compensación, que procedeu a respostalas mediante outro escrito presentado no 27.10.2006.

Asemade, en data 17.04.2006, D^a Josefa Villegas Fernández e outros, interpuxeron Recurso de Alzada contra o Acordo da asemblea xeral da Xunta de Compensación do 20.03.2006 de aprobación do proxecto expropiatorio

das fincas non incorporadas. Comunicóuselle unha copia do recurso á Xunta de Compensación, que procedeu a impugnalalo mediante outro escrito presentado no 23.06.2006.

En data 24.11.2006 o director adxunto de xestión e planeamento da Xerencia de Urbanismo emitiu Informe técnico sobre as referidas alegacións.

No 29.11.2006 o representante da entidade "Inmobiliaria Urbis SA" interpuxo un escrito solicitando a suspensión do procedemento ante a posibilidade de finalizalo mediante un acordo amistoso cos expropiados. No 25.01.2007 a mesma entidade mercantil solicitou a continuación do procedemento.

Mediante senllos oficios do 25.01.2007 e 05.02.2007 requiríuselle á Xunta de Compensación a aclaración de certos extremos do proxecto expropiatorio e a presentación dun texto refundido no que se recollesen as correccións resultantes das alegacións dos interesados.

En datas respectivas 31.01.2007 e 16.02.2007 a Xunta de Compensación presentou o escrito aclaratorio e o texto refundido requiridos.

No 22.02.2007 o director adxunto de xestión e planeamento da Xerencia de Urbanismo emitiu Informe ao respecto.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- Obrigas dos propietarios adheridos e non adheridos á Xunta de compensación no desenvolvemento dunha unidade de actuación.- Os arts. 20.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) e art. 14.2 da Lei 6/1998, do 13 de abril (LRSV) establecen diversas obrigas de natureza urbanística para os propietarios do solo urbano non consolidado, entre as que figuran (entre outras) a de cesión de terreos ó Concello, a de urbanización e edificación en prazo e a de participación nun proceso reparcelatorio de distribución equitativa de cargas e beneficios. O art. 156.1 LOUGA preceptúa a este respecto que: "(...) se algúns propietarios do polígono non se incorporan á Xunta de Compensación, ésta poderá solicitar do municipio ou ben a expropiación dos ditos predios tendo a condición de beneficiaria dela, ou ben a ocupación dos ditos predios en favor da Xunta de Compensación". Tal petición foi formalizada por escrito de 2.12.05 presentado por don Jose Fernández Aguiar como presidente da Xunta de compensación da unidade de actuación do PERI IV-09 "Baixada de San Roque". O propio art. 168.2 R.D. 3288/1978, do 25 de Agosto, aprobatorio do regulamento de xestión urbanística (RXU) dispoñe que: "(...) Os terreos propiedade dos que non se incorporasen á Xunta, serán expropiados, atribuíndose a ésta o carácter de beneficiaria da expropiación (...)".

2.- Natureza e obxecto do recurso de alzada interposto por dona Josefa Villegas Fernández e outros ó acordo da Asamblea xeral da Xunta de Compensación de 20.03.06 de aprobación de proxecto expropiatorio das fincas non incorporadas (17.04.06, doc. 60040065).- O mesmo ser inadmitido de plano, de conformidade co disposto no art. 107 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común. Dito acordo constitúe un acto de mero trámite, preparatorio e previo á posterior aprobación inicial e definitiva do proxecto polo Concello. Non xerou ningunha indefensión aos interesados, dado que trala posterior aprobación inicial do proxecto abríuse un trámite específico de información pública durante o cal puideron presentar as alegacións que estimasen pertinentes na defensa dos seus dereitos, como así fixeron.

3.- Resultado do trámite de información pública, audiencia ós interesados e contestación fundada ás alegacións presentadas:

- Alegación da Xunta de Compensación (30.05.2006, doc. 60059421).-Comunica que a mercantil “Inmobiliaria Urbis SA” adquiriu a propiedade das fincas núms. “9” e “10” do proxecto expropiatorio en virtude de escritura pública de compravenda outorgada no 08.05.2006 perante o notario de Vigo D. José Antonio Rodríguez González co núm. 1240 do seu protocolo. Tamén, que dita entidade formalizou escritura de adhesión á Xunta de Compensación das referidas fincas no día 12.05.2006 perante o mesmo notario (núm. 1290 de protocolo). Na asemblea xeral do 29.05.2006 aprobouse dita adhesión. Solicita en consecuencia a exclusión do proxecto expropiatorio das referidas fincas núms. “9” e “10”.

INFORME: No expediente figura un escrito da mercantil “Inmobiliaria Urbis SA” do 18/05/2006 no que se achegan as referidas escrituras notariais de compravenda e adhesión. Na versión última do proxecto expropiatorio presentada pola Xunta de Compensación no 16.02.2007 exclúense ditas fincas.

PROPOSTA: Estima-la alegación, excluindo as fincas núms. “9” e “10” do proxecto expropiatorio.

- Alegación de D^a Josefa Villegas Fernández, D^a Manuela Pérez Vázquez, D^a Pilar Riveiro Pérez, D^a Eloisa Marina Riveiro Pérez, D^a María del Mar Riveiro Pérez, D^a Marta Riveiro Pérez, D^a Leoncia Josefa García Acosta e D. Javier Conde Padín (26.06.2006, doc. 60070378). Manifestan a súa disconformidade co criterio de valoración establecido no proxecto expropiatorio, así como coa relación de bens e titularidades. Solicitan a retroación de actuacións e o incremento do prezo xusto expropiatorio.

INFORME: O director adxunto de xestión e planeamento da Xerencia de Urbanismo manifestou o seguinte no seu Informe do 24/11/2006 antes citado: “(...) En canto a que a relación de bens e dereitos expropiables non se corresponden coa realidade non aporta información ó respecto polo que non é posible contestar ó mesmo. En canto á valoración presentada, utilízase o método residual estático, coincidindo practicamente co proxecto de expropiación en canto aos custes de construción. En canto os custes de urbanización, alega que os estimados no proxecto están sobredimensionados non axustándose á realidade para o final presentar na valoración aportada unha diferenza de 1.088,82 € o que representa un 0,006% con respecto ós valores do proxecto de expropiación e nunha cantidade de 1.760.290,75 € e por outra parte no calculo presentado polos alegantes non se teñen en conta que os propietarios deben sufragar os custes de urbanización da cesión do 10% do aproveitamento ó Concello, polo que a repercusión do custe da urbanización debe realizarse tendo en conta a edificabilidade bruta e non a neta.(artigo 20º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia). En canto ó valor estimado en venta do produto inmobiliario a valoración presentada parte de valores estimados para uso residencial entre 3.600 e 2.866 €/m² e dun valor para uso comercial de 2.494 €/m². Para o uso residencial fai mención a seis fontes de datos nun total de cinco rúas e para o uso comercial establece un valor de 2.494 €/m². Consultadas diversas bases de datos de axencias inmobiliarias para promocións en rúas tales como García Barbón, Torrecedeira, Praza América, Camelias, Gregorio Espino, Vía Norte e Travesía de Vigo, así como os valores establecidos na unidade de actuación illada A1 do PERI IV-01 San Roque, o prezo medio do valor de mercado en venta para uso residencial e a xuízo do técnico que subscribe estímase en 2.800 €/m² e para uso comercial podería aceptarse o de 2.494,00 €/m². En canto á valoración por reposición das edificacións destinadas a vivenda, a valoración presentada pola alegante non se xustifica cos valores actuais xa que en primeiro lugar o artigo 31º da lei 6/1998 de 13 de abril sobre o réxime do solo e valoracións establece no seu apartado 2 que o valor das edificacións se calcularan con independencia do solo e se determinará de acordo á normativa catastral en función de seu custe de reposición corrixido en atención á antigüidade e estado de conservación das mesmas. En segundo lugar a valoración presentada parte de datos de venta de inmobles por comparación e lle da como resultado o custe de construción (1.993,10 €/m² construído) sen ter en conta materiais empregados na edificación, conservación da mesma, calidades, etc, obviando as determinacións da lei 6/1998 para o calculo do valor

de reposición. Por outra banda non parece xustificable desde o punto de vista da alegación presentada que para edificacións residenciais plurifamiliares o custe de construción nova alegado sexa de 630,94 €/m² e para vivendas unifamiliares cos materiais e métodos de edificación de fai 45 anos o custe actual sexa de 1.993,10 €/m², e dicir que segundo o alegante o valor de reposición dunha vivenda unifamiliar de calidade media e con materiais e métodos de fai 45 anos é 3,16 veces superior ó custe por m² dunha edificación actual (...)

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación, no único senso de aplicar no cálculo do valor de repercusión do solo un valor en venta para uso residencial de 2.800 €/m² e para uso comercial de 2.494 €/m².

- Alegacións de D. Carlos Martínez Estévez, D^a Ofelia Groba González, D^a Apolinaria Martínez Márquez, D^a Placeres González Martínez e D^a Carmen Martínez Márquez (docs. 60071065, 60090670, 60090671, 60090674 e 60090676). Manifestan a súa oposición a que esta expropiación se tramite polo procedemento de taxación conxunta, así como a súa disconformidade coa folla do prezo xusto expropiatorio da finca núm. 11, solicitando se incremente a súa valoración a razón de 6.000 €/m².

INFORME: O art. 36 Lei 6/1998, do 13 de abril, de Réxime do Solo e Valoracións (LRSV) permite á Administración urbanística actuante optar indistintamente pola tramitación da expropiación urbanística mediante expediente individualizado ou polo procedemento de taxación conxunta. En consonancia con dito precepto o art. 3.4 dos Estatutos da Xunta de Compensación (BOP 02.01.2004) dispoñe que: “No caso de ser necesaria a expropiación dos terreos de propietarios non incorporados ... a Xunta de Compensación redactará o correspondente proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a súa posterior presentación e tramitación na Administración Pública competente”. Asemade, os criterios de valoración dos bens afectados coinciden en ambos tipos de procedemento expropiatorio (arts. 23 e ss. LRSV). Sobre a concreta valoración proposta nas alegacións, o director adxunto de xestión e planeamento da Xerencia de Urbanismo manifestou no seu Informe do 24/11/2006 antes citado que: “(...) non aportan nin presentan unha valoración pericial contradictoria que xustifique outros valores, nin xustifica o prezo establecido polo alegante de 6.000 €/m². En canto á valorar a edificabilidade baixo rasante, no prezo medio do valor en venta das edificacións así como nos custes de execución se teñen en conta a parte proporcional de superficie baixo rasante que lle corresponde á vivenda (...)”.

PROPOSTA: Desestimar as alegacións.

- Alegación de D^a. Sofía González Martínez (24.07.06, doc. 60081034): Comunica que os herdeiros de D. Carlos Martínez Estévez e D^a Sofía Márquez Martínez son 13 persoas que identifica a continuación.

INFORME: A alegante non aportou ningún documento nin proba para acreditar as súas afirmacións. Porén, notificóuselle individualizadamente ás referidas persoas o Acordo de aprobación inicial do proxecto expropiatorio, outorgándoselles a posibilidade de presentar alegacións na defensa dos seus dereitos.

PROPOSTA: Ter por efectuadas as manifestacións da alegante, aos oportunos efectos.

4.-Rectificación das follas de valoración tra-lo trámite de audiencia e información pública.-Como consecuencia da estimación de parte das alegacións presentadas a valoración final da finca núm. “11”, de 100,95 m² de superficie, resulta ser de 159.830,99 €, tal e como se xustifica na versión final do Proxecto Expropiatorio e no

Informe do Director Adxunto de Xestión e Planeamento da Xerencia de Urbanismo do 22/02/2007 antes citado. A folla de aprecio da finca expropiada queda redactada do seguinte xeito:

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 11			
PROPIETARIO: HRDOS DE CARLOS MARTINEZ ESTEVEZ E SOFIA MARQUEZ MARTINEZ			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			
1.	UNIDADE	CONCEPTO	PREZO €/m2
	IMPORTE €		
	100,95 m2	Terreo	154.748,92
		5% premio afección.....	7.737,45
		Total valoración.....	162.486,37

5.- Competencia para a adopción do presente acordo.- É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Inadmiti-lo recurso de alzada interposto por D^a Josefa Villegas Fernández e outros contra o Acordo da asemblea xeral da Xunta de Compensación do 20/03/2006 de aprobación do proxecto expropiatorio das fincas non incorporadas ao polígono 3 do PERI IV-01 San Roque, por tratarse dun acto de mero trámite non recorrible. Estimar, estimar parcialmente e desestima-las alegacións interpostas durante o trámite de información pública no senso e polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo.

SEGUNDO.-Aprobar definitivamente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta das fincas non incorporadas á Xunta de Compensación do polígono 3 do PERI IV-01-San Roque, rectificado trala estimación de alegacións, coa folla de aprecio transcrita na parte expositiva deste Acordo, e Memoria e Planos redactado polo arquitecto D. Xosé A. Comesaña García e D. Diego Gómez Fernández, visados polo COAG no 15.02.2007 (expte. 197/413).

TERCEIRO.-Os expropiados disporán dun prazo de vinte días dende a notificación desta Resolución para, se o estiman conviñente, manifestar xustificadamente e por escrito a súa posible disconformidade coa valoración dos predios expropiados. Nese caso remitirase copia do expediente ó Xurado de Expropiación Forzosa, previo informe.

CUARTO.- A Xunta de Compensación deberá efectua-lo pago do prezo xusto expropiatorio antes da aprobación inicial do Proxecto de Compensación e en todo caso no prazo de 6 meses dende a notificación deste Acordo.

QUINTO.- *Notifíquese o contido íntegro deste Acordo á Xunta de Compensación, expropiados e alegantes, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

17(398).- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIONS DA CONCELLERÍA DA MULLER, ANO 2007. EXPTE. 2809/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 2.03.07, e de acordo co informe-proposta da técnica do Departamento de Muller, do 27.02.07, conformado pola concelleira da Muller e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as Bases, que de seguido se transcriben e anexos obrantes no expediente, do programa específico de subvencións da Concellería da Muller para programas ou actividades de promoción da muller.

2º.- Aprobar a convocatoria específica de subvencións para programas e actividades de promoción da muller realizadas durante o exercicio 2007.

3º.- Autorizar un gasto por importe máximo de 74.300 €, con cargo á partida 463.2.489.00.00 do presuposto vixente para o ano 2007, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria.

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIONS DA CONCELLERÍA DA MULLER . ANO 2007

PRIMEIRA.- Finalidade e obxecto.

O Concello de Vigo, a través da Concellería da Muller, realiza a presente convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva coa finalidade de fomentar e consolidar o asociacionismo feminino, contribuír á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como na prevención e combate da violencia de xénero.

SEGUNDA.- Programas subvencionables.

a) Financiado con cargo á partida orzamentaria 4632 4890000 o programa específico de subvencións da concellería da muller está dirixido a subvencionar proxectos de actividades e fomento de servizos que persigan entre outros os seguintes obxectivos:

1.- Potenciar e difundir as actividades de promoción da muller encamiñadas a acadar a igualdade de oportunidades e trato nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente na loita contra a violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina e o fomento da participación social.

2.- Atender as demandas e necesidades das mulleres priorizadas no “II Plan municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004/2007” e no “III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Vigo 2005/2007”.

3.-Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres.

4.- Potenciar o asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos.

5.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas.

b) O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo. Poderán subvencionarse excepcionalmente actividades fora do municipio de Vigo (programas de intercambio con outras asociacións, asistencia a cursos, congresos, etc) debidamente xustificadas e sempre que teñan relación cos obxectivos da convocatoria.

TERCEIRA.- Características xerais das subvencións

As entidades solicitantes non poderán ter fin de lucro.

A resolución das solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local , unha vez realizados os informes e trámites preceptivos.

A contía de cada subvención poderá chegar até o 100% do custo da actividade.

O crédito dispoñible para facer fronte a esta convocatoria é de 74.300,00 € con cargo á partida orzamentaria 4632 4890000 do presuposto vixente da concellería da mulelr.

As subvencións non son invocables como precedente. Non é, por tanto, esixible revisión, aumento ou anovación da subvención.

As subvencións non supoñen relación laboral ningunha co Concello de Vigo

A xustificación da subvención deberá realizarse polo 100% do seu importe.

Serán susceptibles de subvención os proxectos realizados dende o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro de 2007.

A presente convocatoria ríxese pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A concelleira da Muller ten a facultade de interpretar as presentes bases.

CUARTA.- Solicitantes.

Só poderán concorrer a esta convocatoria as asociacións que reúnan as seguintes condicións:

a) As entidades e asociacións sen finalidade de lucro, públicas ou privadas domiciliadas no termo municipal de Vigo, que realicen actividades de interese municipal e se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

- b) *As persoas físicas domiciliadas na cidade que realicen actividades de interese municipal.*
- c) *As entidades e asociación sen finalidade de lucro, públicas ou privadas, e as persoas físicas que, aínda que non estean domiciliadas no municipio de Vigo, realicen actividades de interese municipal dentro do termo municipal ou en beneficio deste.*
- d) *Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*
- e) *Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.*
- f) *Estar ao día nas obrigas tributarias co Concello, Axencia Tributaria e coa Seguridade Social e non estar incluídas nalgún dos supostos de prohibición ou incompatibilidade previstos no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.*

QUINTA.- Desestimación das solicitudes

Unha vez estudados os programas solicitados xunto coa documentación presentada polas asociacións, desestimaranse:

- 1.- *Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.*
- 2.- *Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo.*
- 3.- *Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.*
- 4.- *Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.*
- 5.- *Aqueles que inclúan actividades docentes previstas nos planes de ensino vixentes.*
- 6.- *Aqueles que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración , xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.*
- 7.- *Aqueles que non tivesen xustificadas en tempo e forma as axudas otorgadas neste servizo do Concello de Vigo no ano anterior.*
- 8.- *Aqueles que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima suficiente na valoración específica do proxecto, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.*

SEXTA.- Solicitudes, prazo de presentación e documentación

1.- Modelo e presentación de solicitudes.

As solicitudes de subvención presentaranse no modelo normalizado que se achega con estas bases. Os impresos de solicitude da subvención (anexos a esta convocatoria) e canta información precise para a súa presentación, serán facilitados polo Servizo de Información ou ben, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

As solicitudes serán dirixidas a Excm. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo, achegando a documentación solicitada na convocatoria.

2.- Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, podendo presentalas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou mediante as demais formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

3.- Documentación

A solicitude deberá vir cuberta e coa seguinte documentación:

- a) Solicitude de subvención dirixida á Excm. Sra. Alcaldesa, segundo modelo normalizado (Anexo I). Presentarase unha única solicitude para todos os proxectos solicitados.*
- b) Proxecto de actividades a favor das mulleres para as que se solicita subvención (Anexo II). Cumplimentarase tantas veces como número de proxectos se soliciten. No caso de presentar proxectos de formación, xornadas ou congresos, deberá achegarse currículo das/os monitoras/es e no seu caso relatoras/es.*
- c) Memoria de actividades a favor das mulleres que desenvolveu a entidade durante o ano 2006, esta deberá vir asinada polo/a representante da entidade.*
- d) Fotocopia do CIF da entidade solicitante.*
- e) Certificación da entidade bancaria: incluírá o/a titular (que deberá coincidir coa asociación solicitante) e o número de conta, nome da entidade e enderezo completo.*
- f) Certificación que acredite que a entidade solicitante está ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social, expedidas cunha antigüidade menor de seis meses. No caso de teren presentado xa a devandita documentación no Concello, sempre e cando non caducase, chegará con facelo constar indicando a convocatoria e o departamento no que foi entregada. A/o solicitante autoriza ao Departamento da Muller a que no seu nome solicite ao departamento municipal de Recaudación estar ao corrente dos pagos có Concello de Vigo.*
- g) Ceclaración de non estar incurso nas circunstancias que figuran no art. 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións. (Anexo III).*
- h) Declaración das solicitudes de subvención realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións (Anexo III)*

4.- Corrección de defectos.

As entidades solicitantes, a requirimento do Servizo de Muller, disporán dun prazo improrrogable de dez (10) días para completar a documentación ou os defectos materiais e formais que se aprecien con apercibimento de que, se así non o fixeran, teríaselles por desestimada a súa petición previa resolución ditada nos termos previstos nos artigos 42 e 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

SETIMA.- Criterios de valoración para os proxectos.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as disponibilidades orzamentarias da concellería da muller destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adjudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Os criterios que se analizarán para a concesión das subvencións serán os seguintes e aplicaranse dun xeito conxunto para todos os proxectos presentados por unha mesma entidade solicitante, e puntuaranse até un máximo de 5 puntos cada un deles:

- a) Calidade do proxecto e adecuación aos obxectivos recollidos na cláusula segunda das bases.*

- calidade do proxecto (valorarase a rigurosidade, o equipo de traballo presentado, coherencia e viabilidade do proxecto): 0 a 2 puntos

- por recoller o proxecto un ou máis obxectivos dos contemplados na base segunda: 1 punto por cada obxectivo recollido ata un máximo de 3 puntos.

b) Características do proxecto:

- Ámbito de aplicación (0 a 1 punto)
- Número de beneficiarias (0 a 1 punto)
- Participación de voluntariado (1 punto)
- Apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres (1 a 2 puntos)

c) Traxectoria da entidade e grado de implicación nas actividades da concellería da muller. Ata 5 puntos

Valorarase tendo en consideración o tempo que leve a entidade participando activamente a prol da igualdade e a asistencia e colaboración nas actividades propias da concellería da muller polas directivas, socias e persoas colaboradoras da entidade solicitante.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos aportados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no servizo de Muller do Concello de Vigo.

OITAVA.- Resolución da convocatoria e publicidade.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspondelle ao Departamento da Muller da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei Xeral de Subvencións.

As solicitudes de subvención para cada un dos programas serán avaliadas conforme ós criterios sinalados anteriormente, pola Comisión de Valoración, órgano colexiado composto pola Concelleira delegada da área de Muller que actuará como presidenta, a técnica do departamento da muller, e unha técnica/o municipal ou funcionaria/o que se designe que actuará como secretaria/o.

A Comisión de Valoración poderá:

- 1.- Acadar cantos informes estime necesarios para resolver.
- 2.- Solicitar a reformulación da solicitude e do proxecto, no caso de que o importe da subvención proposta na resolución provisional sexa inferior ao 25 % da subvención solicitada, axustando os compromisos de gastos á subvención outorgada, respectando o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención.
- 3.- Emitir informe respecto das solicitudes de subvención

Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a resolución motivada de concesión das axudas ou desestimación do resto das solicitudes, no prazo de seis meses que contará dende a data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do procedemento notificaráselles ás persoas interesadas conforme ao previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As subvencións concedidas por importe superior ós 3.000 € publicaranse no BOP con expresión da

convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, a entidade beneficiaria, cantidade concedida e finalidade da subvención. O resto das subvencións publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima ás entidades para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contía (tras modificación dada pola Lei 19/2003, de 23 de decembro) no prazo de dous meses.

Asemade, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

Recibidas as solicitudes, procederase ao estudo destas e da documentación que debe de acompañalas. Se a solicitude, documentación e información presentada non reúne os requisitos esixidos nestas bases, o/a interesado/a será requerido/a para que no prazo de dez días, que se contarán dende o día seguinte á recepción da notificación, corrixa as faltas e achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, se desestimarán a súa petición, que se arquivará sen máis trámites ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992.

A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes á que se refire á base quinta e valoraranse as restante solicitudes, conforme co establecido na base sétima.

A subvención concedida financia a actividade no seu conxunto; o desglose do orzamento que se debe detallar no apartado 4. do anexo II só ten efectos informativos non sendo vinculante de cara a xustificación da actividade subvencionada.

Unha vez que o Concello de Vigo notifique a contía e obxecto da subvención a entidade remitirá no prazo máximo de quince días, que contará desde o día seguinte da data de notificación, os seguintes datos:

- Calendario, horario e local de realización.*
- Indicación da/s actividade/s subvencionada/s que será obxecto da xustificación por parte da entidade.*
- Data de inauguración e/ou clausura do evento.*
- Sempre que fose posible, o deseño da propaganda a imprimir, para conformar pola Concellaría da Muller. A tal fin entregarase cunha semana de antelación os modelos de convocatoria e outros impresos. A conformidade darase por escrito no marxe do documento antes da súa impresión.*

No caso de que unha vez resolta a convocatoria pública de subvencións e no transcurso do exercicio quedase crédito sen aplicación na partida correspondente, poderase atender aquelas solicitudes que non acadasen subvención, sempre que estas solicitudes fosen presentadas no seu momento dentro da convocatoria, atendendo aos criterios, requisitos, procedementos e outros extremos expostos nestas bases.

NOVENA.- Obrigas que asumen as entidades subvencionadas.

As entidades beneficiarias das subvencións conforme a presente normativa, quedan na obriga dos seguintes apartados:

1.- Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, dereitos de autor, etc...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.

2.- Informar e publicitar as actividades e servizos subvencionados, facendo constar nun lugar destacado dos diferentes soportes a lenda “Colabora o Concello de Vigo-Concellería da Muller”, coa incorporación que subministrará o Servizo de Muller mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama. Se no financiamento interveñen

outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

3.- Comunicar calquera eventualidade na programación da proposta realizada, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.

5.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

6.-Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.

7.-Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

8.-Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor/a e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención

9.-Estar ao corrente nos pagamentos ao Concello de Vigo, así como das restante obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de ser o caso.

10.-A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. A Concellaría da Muller estudará cál sería a lingua que empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización Lingüística do Concello de Vigo.

11.- As demais obrigas establecidas no art. 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións e o R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

DÉCIMA.- Aboamento.

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificadas.

Procederase ao pago parcial e redución proporcional do importe nos seguintes casos:

o Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe total establecido no

proxecto.

o Pola obtención de maior financiamento do previsto no proxecto.

o Polo incumprimento das obrigas do beneficiario

As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Vigo para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención, concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.

A resolución-liquidación da axuda, co aboamento da parte proporcional correspondente, será competencia da Concelleira delegada de Muller.

UNDÉCIMA.- Xustificación.

A xustificación realizarase mediante rendición de conta xustificativa do gasto realizado antes do 15 de decembro do correspondente exercicio económico.

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedinte da subvención, constitúe un acto obrigatorio da entidade beneficiaria ou da entidade colaboradora e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade da persoa declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.

I. A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

1) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos asinada pola persoa responsable da actividade, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:

a. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.

b. Datas e lugar de celebración.

c. Datos sobre participantes: número, perfil, etc. e explicación do desenvolvemento da actividade.

d. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación das/os participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.

e. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario deberá indicarse este extremo.

2) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a. Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do/a acredor/a e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.

b. Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas conformadas, polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e no seu caso serie.
- Nome e apelidos ou denominación fiscal.

- *Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)*
- *Enderezo (tanto do/a expendedor/a como do/a tomador/a da factura)*
- *Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.*
- *Lugar e data de emisión.*
- *Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.*

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan á entidade beneficiaria da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.

3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia

4. Declaración xurada da entidade perceptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que foron abonadas ás/ós seus expedicionarias/os ou, no seu caso, ás/ós titulares do dereito que incorporan.*
- *Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

5.- A concellería da Muller poderá solicitar cantos datos sexan necesarios para axustarse ás medicións de items e demais aspectos metodolóxicos que se fixen para as avaliacións do “II plan municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004/2007” e o “III plan municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do concello de Vigo 2005/2007”.

II.Procedemento:

a) Se no exame da documentación presentada, esta se atopa incompleta ou figuran defectos, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días naturais para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales sen efectuar esta, se lles tería por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

b) As entidades beneficiarias xustificarán a proposta subvencionada nos 30 días hábiles seguintes a súa finalización, e en todo caso, antes do 15 de decembro do 2007. De non cumprirse este requisito, perderase o dereito a percibir a axuda.

c) Considerarase gasto realizado o que fose efectivamente acreditado con calquera documento de validez xurídica con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na convocatoria e responda á natureza da actividade subvencionada.

d) No caso de que a entidade beneficiaria xustifique gasto inferior ao 50% do importe subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

e) O persoal técnico do servizo da muller será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

III. Reformulación de proxectos:

No caso de que unha asociación non puidese, excepcionalmente, desenvolver algunha das actividades subvencionadas, poderáselle propor á Concellaría de Muller, o proxecto alternativo que se considere máis adecuado para o destino do importe subvencionado.

Os cambios propostos serán debidamente razoados, e presentados con, canda menos un mes de antelación á execución prevista. As propostas de cambio formuladas pola entidade, nunca se referirán á máis dun proxecto.

Serán valorados igualmente segundo os criterios establecidos nestas bases e deberán xustificarse nos prazos e condicións.

Os novos proxectos deberán cumprir as seguintes condicións:

- a) enmarcarse dentro do programa e obxectivos previstos nestas bases
- b) ser de igual nivel técnico que o proxecto o cal substitúe
- c) ser presentados cumprindo as mesmas condicións e a mesma forma establecida nestas bases.

En calquer caso, será a Concellaría da Muller quen valore a excepcionalidade dos cambios e as razóns aducidas para iso, co obxecto de ser admitidos ou non, a trámite. O prazo de resolución da solicitude de modificación da concesión será dun mes que contará dende a súa entrada no Rexistro Xeral. Transcorrido o prazo sen resolución expresa entenderase estimada a solicitude.

DUODÉCIMA.- Revogación da subvención.

O Concello de Vigo poderá acordar a revogación da axuda concedida, si se incurrixe nalgún dos seguintes supostos:

- 1.- Non realizar os programas ou actividades subvencionadas.
- 2.- Incumplir algunha das condicións establecidas nestas bases.
- 3.- Aplicar as subvención a fins distintos para os que foron concedidos.

Igualmente procederá ao reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade ou investimento subvencionado, considerándose dita cantidade como ingresos de dereito público.

Tanto as causas como o procedemento de reintegro, infracción e sancións rexeranse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos, contidas no Título VI da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sen prexuízo das especialidades que se

establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvención e o R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Decimo terceira.- Disposicións finais.

1.- O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

2.- En todo aquilo non previsto na presente convocatoria estarase ao establecido na lei 38/2003, de 17 de novembro General de Subvenciones e demais disposicións vixentes aplicables en materia de subvencións.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA PROGRAMAS
E ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER REALIZADAS DURANTE O EXERCICIO 2007

Primeiro.- Normativa de aplicación

Consonte co disposto no art 28 da Lei de bases do Reximen Local e disposicións concordantes, o “II Plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004-2007” aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 24 de novembro de 2004, o “III Plan municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2005-2007”, e no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Concellaría de Muller do Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en rexime de concurrencia competitiva destinadas a programas e actividades e servizos de promoción da muller durante o exercicio do 2007.

Segundo.- Crédito presupostario

1. A contía da presente convocatoria ascende a 74.300 €, con cargo á partida 463.2.489.00.00 (subvencións) do presuposto vixente para o ano 2007 do programa orzamentario da Concellaría da Muller, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria.

2. Terceiro.- Finalidade, obxecto e programas subvencionables

a) Finalidade e obxecto:

O Concello de Vigo, a través da Concellaría da Muller, realiza a presente convocatoria pública en réxime de concurrencia competitiva coa finalidade de fomentar e consolidar o asociacionismo feminino, contribuír á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como na prevención e combate da violencia de xénero.

b) Programas subvencionables

a) Financiado con cargo á partida orzamentaria 4632 4890000 o programa específico de subvencións da concellería da muller está dirixido a subvencionar proxectos de actividades e fomento de servizos que persigan entre outros os seguintes obxectivos:

1.- Potenciar e difundir as actividades de promoción da muller encamiñadas a acadar a igualdade de oportunidades e trato nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente na loita contra a violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina e o fomento da participación social.

2.- *Atender as demandas e necesidades das mulleres priorizadas no “II Plan municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004/2007” e no “III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Vigo 2005/2007”.*

3.- *Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres.*

4.- *Potenciar o asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos.*

5.- *Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas.*

b) *O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo. Poderán subvencionarse excepcionalmente actividades fora do municipio de Vigo (programas de intercambio con outras asociacións, asistencia a cursos, congresos, etc) debidamente xustificadas e sempre que teñan relación cos obxectivos da convocatoria.*

c) Solicitantes

Só poderán concorrer a esta convocatoria as asociacións que reúnan as seguintes condicións:

a) *As entidades e asociacións sen finalidade de lucro, públicas ou privadas domiciliadas no termo municipal de Vigo, que realicen actividades de interese municipal e se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.*

b) *As persoas físicas domiciliadas na cidade que realicen actividades de interese municipal.*

c) *As entidades e asociación sen finalidade de lucro, públicas ou privadas, e as persoas físicas que, aínda que non estean domiciliadas no municipio de Vigo, realicen actividades de interese municipal dentro do termo municipal ou en beneficio deste.*

d) *Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*

e) *Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.*

f) *Estar ao día nas obrigas tributarias co Concello, Axencia Tributaria e coa Seguridade Social e non estar incluídas nalgún dos supostos de prohibición ou incompatibilidade previstos no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no R.d 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.*

Cuarto.- Publicidade

Co obxecto de garantir a igualdade de oportunidades e a concorrencia competitiva , as bases serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), nos medios de comunicación local e atoparanse expostas no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no Rexistro Xeral, ademais de darlle cumprida publicidade á convocatoria na prensa local.

Quinto.- Requisitos e forma de acreditación:

As solicitudes de subvención dirixiranse á Excm. Sra. alcaldesa e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do

procedemento administrativo común, mediante a presentación da solicitude de subvención, nos impresos normalizados.

A solicitude deberá vir cuberta e coa seguinte documentación:

- a) Solicitude de subvención dirixida á Excm. Sra. Alcaldesa, segundo modelo normalizado (Anexo I). Presentarase unha única solicitude para todos os proxectos solicitados.
- b) Proxecto de actividades a favor das mulleres para as que se solicita subvención (Anexo II). Cumplimentarase tantas veces como número de proxectos se soliciten. No caso de presentar proxectos de formación, xornadas ou congresos, deberá achegarse currículo das/os monitoras/es e no seu caso relatoras/es.
- c) Memoria de actividades a favor das mulleres que desenvolveu a entidade durante o ano 2006, esta deberá vir asinada polo/a representante da entidade.
- d) Fotocopia do CIF da entidade solicitante.
- e) Certificación da entidade bancaria: incluirá o/a titular (que deberá coincidir coa asociación solicitante) e o número de conta, nome da entidade e enderezo completo.
- f) Certificación que acredite que a entidade solicitante está ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social, expedidas cunha antigüidade menor de seis meses. No caso de teren presentado xa a devandita documentación no Concello, sempre e cando non caducase, chegará con facelo constar indicando a convocatoria e o departamento no que foi entregada. A/o solicitante autoriza ao Departamento da Muller a que no seu nome solicite ao departamento municipal de Recaudación estar ao corrente dos pagos có Concello de Vigo.
- g) Declaración de non estar incurso nas circunstancias que figuran no art. 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións. (Anexo III).
- h) Declaración das solicitudes de subvención realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións (Anexo III)

Sexto.- Instrucción e resolución do procedemento:

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspondelle ao Departamento da Muller da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei Xeral de Subvencións.

As solicitudes de subvención para cada un dos programas serán avaliadas conforme ós criterios sinalados anteriormente, pola Comisión de Valoración, órgano colexiado composto pola Concelleira delegada da área de Muller que actuará como presidenta, a técnica do departamento da muller, e unha técnica/o municipal ou funcionaria/o que se designe que actuará como secretaria/o.

A Comisión de Valoración poderá:

- 1.- Acadar cantos informes estime necesarios para resolver.
- 2.- Solicitar a reformulación da solicitude e do proxecto, no caso de que o importe da subvención proposta na resolución provisional sexa inferior ao 25 % da subvención solicitada, axustando os compromisos de gastos á subvención outorgada, respectando o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención.
- 3.- Emitir informe respecto das solicitudes de subvención

Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a resolución motivada de concesión das axudas ou desestimación do resto das solicitudes, no prazo de seis meses que contará dende a data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do procedemento notificaráselles ás persoas interesadas conforme ao previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As subvencións concedidas por importe superior ós 3.000 € publicaranse no BOP con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, entidade beneficiaria, cantidade concedida e finalidade da subvención. O resto das subvencións publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexítima ás entidades para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contía (tras modificación dada pola Lei 19/2003, de 23 de decembro) no prazo de dous meses.

Asemade, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

Recibidas as solicitudes, procederase ao estudo destas e da documentación que debe de acompañalas. Se a solicitude, documentación e información presentada non reúne os requisitos esixidos nestas bases, o/a interesado/a será requerido/a para que no prazo de dez días, que se contarán dende o día seguinte á recepción da notificación, corrixa as faltas e achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, se desestimarán a súa petición, que se arquivará sen máis trámites ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992.

A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes á que se refire á base quinta e valoraranse as restantes solicitudes, conforme co establecido na base sétima.

A subvención concedida financia a actividade no seu conxunto; o desglose do orzamento que se debe detallar no apartado 4. do anexo II só ten efectos informativos non sendo vinculante de cara a xustificación da actividade subvencionada.

Unha vez que o Concello de Vigo notifique a contía e obxecto da subvención a entidade remitirá no prazo máximo de quince días, que contará desde o día seguinte da data de notificación, os seguintes datos:

- *Calendario, horario e local de realización.*
- *Indicación da/s actividade/s subvencionada/s que será obxecto da xustificación por parte da entidade.*
- *Data de inauguración e/ou clausura do evento.*
- *Sempre que fose posible, o deseño da propaganda a imprimir, para conformar pola Concellaría da Muller. A tal fin entregarase cunha semana de antelación os modelos de convocatoria e outros impresos. A conformidade darase por escrito no marxe do documento antes da súa impresión.*

No caso de que unha vez resolta a convocatoria pública de subvencións e no transcurso do exercicio quedase crédito sen aplicación na partida correspondente, poderase atender aquelas solicitudes que non acadasen subvención, sempre que estas solicitudes fosen presentadas no seu momento dentro da convocatoria, atendendo aos criterios, requisitos, procedementos e outros extremos expostos nestas bases.

2. Sétimo.- Criterios de valoración das solicitudes

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as disponibilidades orzamentarias da concellería da muller destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adjudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Os criterios que se analizarán para a concesión das subvencións serán os seguintes e aplicaranse dun xeito conxunto para todos os proxectos presentados por unha mesma entidade solicitante, e puntuaríanse até un máximo de 5 puntos cada un deles:

c) Calidade do proxecto e adecuación aos obxectivos recollidos na cláusula segunda das bases.

- calidade do proxecto (valorarase a rigurosidade, o equipo de traballo presentado, coherencia e viabilidade do proxecto): 0 a 2 puntos

- por recoller o proxecto un ou máis obxectivos dos contemplados na base segunda: 1 punto por cada obxectivo recollido ata un máximo de 3 puntos.

d) Características do proxecto:

- *Ámbito de aplicación (0 a 1 punto)*
- *Número de beneficiarias (0 a 1 punto)*
- *Participación de voluntariado (1 punto)*
- *Apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres (1 a 2 puntos)*

c) Traxectoria da entidade e grado de implicación nas actividades da concellería da muller. Ata 5 puntos

Valorarase tendo en consideración o tempo que leve a entidade participando activamente a prol da igualdade e a asistencia e colaboración nas actividades propias da concellería da muller polas directivas, socias e persoas colaboradoras da entidade solicitante.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos aportados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no servizo de Muller do Concello de Vigo.

Oitavo.- Desestimación das solicitudes

Unha vez estudados os programas solicitados xunto coa documentación presentada polas asociacións, desestimaránse:

- 1.- Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
- 2.- Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo.

3.- Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.

4.- Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.

5.- Aqueles que inclúan actividades docentes previstas nos planes de ensino vixentes.

6.- Aqueles que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración , xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.

7.-Aqueles que non tivesen xustificadas en tempo e forma as axudas otorgadas neste servizo do Concello de Vigo no ano anterior.

8.- Aqueles que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima suficiente na valoración específica do proxecto, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.

Noveno.- Prazo de presentación

O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Décimo.- Reformulación de solicitudes

A Concellaría da Muller poderá solicitar a reformulación da solicitude e do proxecto, no caso de que o importe da subvención proposto na resolución definitiva sexa inferior ao 25% do importe solicitado. A reformulación deberá respectar o obxecto, condicións, finalidade e criterios de valoración da convocatoria.

Décimo primeiro.- Prazo de execución:

O prazo para a execución das actividades subvencionadas será ata o día 30 de novembro de 2007.

18(399).- CORRECCIÓN DE ERROS NAS PRÓRROGAS DOS CONTRATOS DE ALUGUER DE MAQUINARIA E SUBMINISTRACIÓN DE MESTURAS BITUMINOSAS E EMULSIÓNS ASFÁLTICAS PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXP.TES. 51377 E 51378/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 12.03.07, conformado polo axesor xurídico da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 5 de febreiro de 2007 a Xunta de Goberno local aprobou a prórroga dos contratos de aluguer de maquinaria e de subministración de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o Servizo de Vías e Obras, para o ano 2007 –puntos 54 e 55 do acordo – a proposta do propio Servizo de Vías e Obras, indicando que as condicións dos contratos son as mesmas que figuran nos contratos vixentes entre o Concello e Sercoysa Proyectos y Obras S.A.

Por un erro na proposta, indícase que a prórroga será coa mercantil Sercoysa Galicia S.A. en lugar de coa mercantil Sercoysa Proyectos e Obras S.A. que é a adxudicataria dos contratos orixinais.

Iso comporta a necesidade de corrixir o erro e polo tanto rectificicar o acordo da Xunta de Goberno local do 5.02.07 nos seus puntos 54 e 55 polo que se aproba ditas prórrogoas coa seguinte porpostas:

PROPOSTA

Prorrogar os contratos de aluguer de maquinaria e de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o Servizo de Vías e Obras, por un ano, nas mesmas condicións que figuran nos contratos actualmente vixentes e por importes de: 250.000,00 € para aluguer de maquinaria e de 500.000,00 € para subministración de aglomerados e emulsións asfálticas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe, así como a corrección dos erros sinalados.

19(400).- APROBACIÓN TÉCNICA DO “MODIFICADO DO PROXECTO DE VESTIARIO PARA O CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA SINTÉTICA DE CANDEÁN”. EXPTE. 12034/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe Administrativo de Vías e Obras, do 12.03.07, conformado polo axesor xurídico da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Tendo en conta o informe do Aparellador municipal D. Miguel Angel Carrera Mouriño de data 8 de marzo de 2007, relativo ao proxecto modificado do proxecto de vestiarios para o Campo de Futbol sintético de Candeán cun incremento económico sobre o orzamento inicial de 16.082,28 (dezaseis mil oitenta e dous euros con vinte oito céntimos) (IVE engadido), no que se xustifica a necesidade do mesmo.

Faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Aprobar o proxecto modificado do proxecto inicial de acondicionamento dos vestiarios para o campo de fútbol de herba sintética en Candeán - Vigo, por un importe adicional de 16.082,28 Euros

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar o proxecto modificado do proxecto inicial de acondicionamento dos vestiarios para o campo de fútbol de herba sintética en Candeán - Vigo, por un importe adicional de 16.082,28 Euros

20(401).- APROBACIÓN TÉCNICA DO “PROXECTO DE RECONSTRUCCIÓN DA ANTIGA ESCALINATA DA PRAZA DE PORTUGAL E UBICACIÓN NA RÚA E. BLEIN BUDIÑO. EXPTE. 12035/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador de Área de Servizos Xerais, do 12.03.07, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de data 18 de decembro de 2006, acorda entre outros Aprobar técnicamente o proxecto de “Reconstrucción da antiga escalinata da Praza de Portugal e ubicación na rúa E. Blein Budiño, por un importe de 600.000 Euros. (Expte. 316/443)

O 29 de xaneiro de 2007, a citada Xunta de Goberno acorda aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Unión Fenosa para o acondicionamento en superficie da parcela Ronda de Don Bosco por un importe de 500.000 Euros. (Expte. 11.982/444)

O día 27 de febreiro de 2007, por parte da Intervención Xeral procédese á Xeneración de Crédito a favor da partida 4326.611.00.00 “Acondicionamento da parcela Venezuela - E. Blein Budiño - Don Bosco, por importe 500.000 Euros.

Déberase ter en conta que tanto a Reconstrucción da Escalinata da Praza de Portugal e ubicación na Rúa E. Blein Budiño como o Acondicionamento da superficie da parcela ubicada na Confluencia da Rúa Venezuela - E. Blein Budiño - Don Bosco, reférense a un único expediente e que aínda que inicialmente aprobouse o proxecto por un importe de 600.000 Euros, posteriormente foi necesario modificar o mesmo para poder adapta-lo ao convenio coa compañía eléctrica por un importe de 500.000 Euros.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- *Aprobar o proxecto de “Reconstrucción da antiga escalinata da Praza de Portugal e ubicación na Rúa E. Blein Budiño por un importe de 500.000 Euros”, deixando sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de decembro de 2006, no que se aprobaba este proxecto por un importe de 600.000 Euros e que queda suficientemente xustificado según o convenio descrito.*

2º.- *Aprobar o expediente administrativo relativo ao proxecto de “Reconstrucción da antiga escalinata da Praza de Portugal e ubicación na Rúa E. Blein Budiño por un importe de 500.000 Euros”, que se tramitará polo procedemento de urxencia dacordo coa proposta do Coordinador de Área de Servizos Xerais de data 9 de marzo de 2007.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(402).- APROBACIÓN TÉCNICA DO “PROXECTO DE PROLONGACIÓN DO ALIVIADOIRO DA RÚA COLÓN”. EXPTE. 12036/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 12.03.07, que di o seguinte:

Tendo en conta a concesión administrativa de data 29 de decembro de 2006, outorgada por esa Autoridade Portuaria ao Concello de Vigo para ocupar unha superficie de subsolo de dominio público portuario, con destino á prolongación do colector do aliviadoiro da Rúa Colón.

Considerando que na disposición xeral 7ª da mesma, se concede un prazo de 2 meses para o inicio das obras, e tendo en conta que previamente ao replanteo das mesmas (disposición 8ª) é requisito imprescindible a presentación do proxecto constructivo para o cal se necesita realizar con anterioridade á redacción do mesmo: sondeos, ensaios de permeabilidade e unha análise minuciosa dos servizos afectados, todo isto condicionado ás actuacións por parte da Autoridade Portuaria, solícitouse unha prórroga de 2 meses adicionais sobre o prazo establecido para o inicio das obras, sendo concedido este prazo según Resolución da Autoridade Portuaria de data 31 de xaneiro de 2007, quedando establecida a nova data de vencimento do prazo pra o inicio das obras de concesión o vindeiro 5 de abril de 2007.

Dado que para o inicio das obras é requisito imprescindible a presentación ante a Autoridade Portuaria do proxecto constructivo, o cal foi redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos, D. José Ramón Fernández Ceballos, colexiado nº 11.886, técnico con competencias na materia, e antes da remisión é necesario a súa aprobación ante o órgano municipal competente, e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos D. Sergio González Prada de data 8 de marzo de 2007, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1º.- Aprobar o proxecto técnico para a “Prolongación do aliviadeiro da Rúa Colón”, por un importe de 1.014.453,29 Euros.

2º.- Remitir á Autoridade Portuaria para a súa aprobación, xa que é requisito imprescindible para proseguir coas obras de referencia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(403).- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DE BEIRARRÚAS DA AVDA. CASTELAO (DE TUI A REDONDELA)”. EXPTE. 12029/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 7.03.07, que di o seguinte:

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en data 6 de novembro de 2006, acorda adjudicar á empresa Xestión Ambiental de Contratas, S.L., as obras para a “Mellora de Beirarrúas na Avda. Castelao” por un importe de 175.800 Euros e un prazo de execución de seis semanas.

A Acta de Comprobación de Replanteo foi asinada o pasado 10 de xaneiro de 2007, polo que o prazo de execución debería rematar o pasado 26 de febreiro.

O pasado 22 de febreiro á empresa presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, a concesión dunha ampliación de un mes no prazo de execución de ditas obras, xustificando a súa petición, na aparición de servizos

en situacións non previstas no proxecto licitado que complicaron as obras, e na incidencia das últimas choivas no programa de execución das obras.

Por todo o anteriormente exposto, e dacordo co informe do Enxeñeiro Director das Obras, D. Sergio González Prada, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1º.- Conceder á empresa Xestión Ambiental de Contratas, S.L. adxudicataria das obras de “Mellora de Beirarrúas da Rúa Castelao” unha ampliación no prazo de execución de ditas obras de un mes, co que a data de execución pasaría ao 26 de marzo de 2007.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda conceder á empresa Xestión Ambiental de Contratas, S.L. adxudicataria das obras de “Mellora de Beirarrúas da Rúa Castelao” unha ampliación no prazo de execución de ditas obras de un mes, co que a data de execución pasaría ao 26 de marzo de 2007.

23(404).- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DE BEIRARRÚAS DA VÍA NORTE”. EXPTE. 12030/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 7.03.07, que di o seguinte:

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en data 6 de novembro de 2006, acorda adxudicar á empresa Oresa, S.L., as obras para a “Mellora de Beirarrúas da Vía Norte” por un importe de 81.000 Euros e un prazo de execución de seis semanas.

A Acta de Comprobación de Replanteo foi asinada o pasado 25 de xaneiro de 2007, polo que o prazo de execución debería rematar o pasado 26 de febreiro.

O pasado 22 de febreiro á empresa presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, a concesión dunha ampliación do prazo de execución das obras ata o 30 de marzo, xustificando a súa petición, nos problemas surtidos polas canalizacións de Alta Tensión non previstas no proxecto nin nos planos de Unión Fenosa.

Por todo o anteriormente exposto, e dacordo co informe do Enxeñeiro Director das Obras, D. Sergio González Prada, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1º.- Conceder á empresa Oresa, S.L. adxudicataria das obras de “Mellora de Beirarrúas da Vía Norte (de Urzáiz a Gregorio Fernández)” unha ampliación no prazo de execución de ditas obras ata o próximo 30 de marzo de 2007.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda conceder á empresa Oresa, S.L. adxudicataria das obras de “Mellora de Beirarrúas da Vía Norte (de Urzáiz a Gregorio Fernández)” unha ampliación no prazo de execución de ditas obras ata o próximo 30 de marzo de 2007.

24(405).- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DE BEIRARRÚAS NA RÚA MANUEL DE CASTRO, 2ª FASE”. EXPTE. 12031/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 7.03.07, que di o seguinte:

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en data 6 de novembro de 2006, acorda adxudicar á empresa Xestión Ambiental de Contratas, S.L., as obras para a “Mellora de Beirarrúas na Rúa Manuel de Castro” por un importe de 130.355 Euros e un prazo de execución de seis semanas.

A Acta de Comprobación de Replanteo foi asinada o pasado 10 de xaneiro de 2007, polo que o prazo de execución debería rematar o pasado 26 de febreiro.

O pasado 22 de febreiro á empresa presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, a concesión dunha ampliación de un mes no prazo de execución de ditas obras, xustificando a súa petición, na aparición de servizos en situacións non previstas no proxecto licitado que complicaron as obras, e na incidencia das últimas choivas no programa de execución das obras.

Por todo o anteriormente exposto, e dacordo co informe do Enxeñeiro Director das Obras, D. Sergio González Prada, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1º.- Conceder á empresa Xestión Ambiental de Contratas, S.L. adxudicataria das obras de “Mellora de Beirarrúas da Rúa Manuel de Castro, 2ª Fase” unha ampliación no prazo de execución de ditas obras de un mes, co que a data de finalización das obras pasaría ao 26 de marzo de 2007.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda conceder á empresa Xestión Ambiental de Contratas, S.L. adxudicataria das obras de “Mellora de Beirarrúas da Rúa Manuel de Castro, 2ª Fase” unha ampliación no prazo de execución de ditas obras de un mes, co que a data de finalización das obras pasaría ao 26 de marzo de 2007.

25(406).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez